



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA MESA DE CONTRATACIÓN DE 29 DE DICIEMBRE DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:30 horas do día 29 de decembro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 28-12-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

D^a. Susana Garcia Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste o punto 1.a)
D^a. M^a José Loureiro Bada (asiste os puntos 2.a e 3.a)
D. José Angel Lago (asiste o punto 4.a)
D. José Riesgo Boluda (asiste o punto 5.a)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión do 28 de decembro de 2016 as 09:30 horas**

Aprobase a acta da sesión desta Mesa celebrada o día 28 de decembro de 2016 as 09:30 horas.

2.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:19	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A946-C8D5B1-C6C1A7-ABNCLT-AXZ5BG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entregase o informe do xefe do servizo de Limpeza, do xefe administrativo e de control Orzamentario e do xefe da área de Investimentos, de data 29 de decembro de 2016, de valoración do “Sobre B, proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

A mesa, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión acorda aceptar o mesmo.

Na páxina 24 do citado informe consta que “O licitador OHL SERVICIOS INGESAN manifesta na súa oferta: “A presente oferta foi elaborada sen ter en conta custos de calquera tipo devengados polos traballadores e/ou provedores antes da vixencia deste contrato. En caso de existir débedas de calquera tipo esta oferta debe ser revisada”. Dita observación realizase no documento da memoria sobre o “Proxecto de execución dos procesos de limpeza habituais ou comúns” PSA1”. Dado que a redacción desta observación é ambigua, a Mesa, por unanimidade, acorda non ter en conta a mesma, toda vez que a oferta unha vez presentada é inalterable.

3.- Apertura de oferta económica.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440)

Con carácter previo o inicio da apertura, o Sr. Presidente informa aos licitadores asistentes que xa está colgado no perfil o informe de valoración do sobre B, e a Sra. Secretaria falles entrega dunha copia do mesmo.

A continuación, en acto público, procedese a apertura do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” do procedemento de referencia, co seguinte resultado:

Empresas licitadoras	Prezo C/IVE	S/IVE	Melloras/ prezo und C_org	C_rest	C_env	C_pap	Total	importe total	Bola de horas anuais
1 SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUA	11.870.874,12 €	9.810.639,77 €	54	54	54	54	54	216 11.836,80 €	3200
2 MANTELNOR LIMPIEZAS, S.A.	11.323.180,00 €	9.358.000,00 €	54	54	54	54	54	216 11.836,80 €	3200
3 SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO	11.930.600,00 €	9.860.000,00 €	54	54	54	54	54	216 11.836,80 €	1600
4 OHL SERVICIOS INGESAN, S A	11.990.305,74 €	9.909.343,59 €	54	54	54	54	54	216 11.836,80 €	3200
5 CLECE, S A	11.961.555,72 €	9.885.583,24 €	54	54	54	54	54	216 11.836,80 €	3200
6 LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S A	11.609.577,03 €	9.594.691,76 €	54	54	54	54	54	216 11.836,80 €	3200

O licitador SAMYL, S.L., non presenta o presuposto desglosado do servizo requirido na cláusula 13 do PCAP. A Mesa, por unanimidade, acorda requerirle a súa presentación, concedéndolle ao efecto un prazo de 3 días.

Asisten o acto:

- D. Alberto González Fernández, en representación de STAR SERVICIOS, S.L.U.
- D.ª Manuela Fernández Redondo, na súa calidade de secretaria do Comité de empresa do actual contratista.
- D. Hermesindo Lorenzo Rodríguez, en representación de OHL-SERVICIOS INGESAN.
- D.ª Carolina Casal Calo, en representación de MANTELNOR.
- D.ª Angeles Lagarón Ron, en representación de CLECE, S.A.
- D. David Pérez de Lis Novo, en representación de LACERA.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:19	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A946-C8D5B1-C6C1A7-ABNCLT-AXZ5BG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

4.- Proposta de clasificación.

- a) **Procedemento negociado para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (718-611)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación oferta económica	Puntuación Garantía	TOTAL
1	COSTAS Y OTERO, S.L. CIF: 36749075.	80	20	100
2	IAN RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. CIF: B15448004	76,94	20	96,94
3	JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U CIF: B36863074	71,23	5,91	77,14

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva”.

5.- Proposta de adxudicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:19	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A946-C8D5B1-C6C1A7-ABNCLT-AXZ5BG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire), de 9 de setembro de 2016 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire), e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 2 de novembro de 2016, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo acordou “Excluír do procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) á empresa GAM ESPAÑA SERVICIOS DE MAQUINARIA, SLU por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación e no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas”.

Terceiro.- En data 5 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de decembro de 2016, dos licitadores que deseguido se relacionan, por non cumprir a documentación técnica achegada nas súas proposicións, (segundo esixencia do apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) co prego de prescricións técnicas particulares:

- Lote 2 (equipo de excarceración): INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L.
- Lote 3 (xerador de corrente QES30): ELIAS JADRAQUE, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:19	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A946-C8D5B1-C6C1A7-ABNCLT-AXZ5BG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- Lote 4 (compresor de cargado de aire respirable): ELIAS JADRAQUE, S.A. e DRAGER SAFETY HISPANIA, S.A.

Segundo.- Declarar deserto o lote 2 "equipo de excarceración" xa que o único licitador presentado a este lote, INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L., foi excluído da licitación por acordo adoptado pola Mesa Contratación o 5 de decembro de 2016.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do **Subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)** na seguinte orde descendente:

- Lote 1 (grupo de aspiración HFS HYDROSUB 60):

Licitador	Puntuación total
ITURRI, S.A.	100

- Lote 3 (xerador de corrente QES30):

Licitador	Puntuación total
SIELVIGO, S.L.	100
ITURRI, S.A.	40,54

- Lote 4 (compresor de cargado de aire respirable):

Licitador	Puntuación total
ITURRI, S.A.	100

Cuarto.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ITURRI, S.A. (lotes 1 e 4) e SIELVIGO, S.L. (lote 3) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:19	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A946-C8D5B1-C6C1A7-ABNCLT-AXZ5BG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.805,91 euros (601,97 por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Cuarto.- En data 16 de decembro de 2016, este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ITURRI, S.A., e SIELVIGO, S.L., que presentan a documentación requirida en datas 27 e 28 de decembro de 2016 respectivamente dentro do prazo concedido ó efecto.

Quinto.- En data 29 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ITURRI, S.A., para os lotes 1 e 4, e por SIELVIGO, S.L., para o lote 3tal e como desprendese do informe de valoración das ofertas do oficial xefe so servizo de Bombeiros, de 2 de decembro do mesmo ano.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación do Concello de Vigo, de data 2 de novembro de 2016, de “Excluir do procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:19	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A946-C8D5B1-C6C1A7-ABNCLT-AXZ5BG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

compresor de aire) (4335-213) á empresa GAM ESPAÑA SERVICIOS DE MAQUINARIA, SLU por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación e no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas”.

2º.- Adxudicar o procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213):

- **Lote 1: a ITURRI, S.A., por un prezo de 136.596,90 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 5 anos.**
- **Lote 3: a SIELVIGO, S.L., por un prezo de 18.148,79 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 5 anos.**
- **Lote 4: a ITURRI, S.A., por un prezo de 70.512,75 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 5 anos.**

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:20 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. David Regades Fernández

D^a. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:19	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A946-C8D5B1-C6C1A7-ABNCLT-AXZ5BG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		